

Follas do Cineclub | 17/05/2017

Carta de amor

03

(恋文 [Koibumi], Kinuyo Tanaka, Xapón, 1953, 98', VOSG)

Tirado de <http://www.movingimagesource.us/articles/love-letter-20091023>

O 100 aniversario de Kinuyo Tanaka, a lendaria estrela xaponesa, convida á reconsideración dunha carreira cuxa importancia -non só cinematográfica mais tamén cultural- está pouco recoñecida no mundo occidental e talvez aínda debe ser plenamente explorada en Xapón. Fóra do seu país nativo, aínda é máis coñecida polas súas aparicións en tres filmes de Kenji Mizoguchi: *A Vida de Oharu* (1952), *Contos da lúa pálida de agosto* (1953), e *O Intendente Sansho* (1954) - que fan parte da primeira vaga do descubrimento occidental do cinema xaponés. Oharu, en particular, é a apoteose da imaxe de Tanaka: a muller xaponesa como señora nobre, amante, nai, geisha, muller de clase media, prostituta e peregrina, todo abarcado nun só filme por obra e grazza dos varridos e xiros que fai a cámara de Mizoguchi. Mais Oharu non saíu de ningures, e a nosa comprensión do filme faise máis profunda polo coñecemento do que supuxo na vida de Tanaka: unha viaxe transcendental aos Estados Unidos dous anos antes e o seu éxito, o ano seguinte, ao embarcarse nunha nova carreira como directora.

Tanaka, que comezou a facer filmes á idade de 14 anos, foi unha auténtica estrela desde había máis de 20 anos de Oharu. O menos que se pode dicir do sistema de estudos xaponés é que mantiña ao seu persoal ocupado; tamén debería dicirse que, durante a súa idade de ouro (ou idades, antes e despois da guerra), sostivo a algúns grandes directores. Tanaka actuou para moitos deles. Ademais da súa longa relación con Mizoguchi (15 filmes xuntos), traballou repetidamente con Hiroshi Shimizu (19 filmes), Yasujiro Shimazu (18), Heinosuke Gosho (20), Yasujiro Ozu (10), Mikio Naruse (6), e Keisuke Kinoshita (9), e fixo un ou dous filmes con Kon Ichikawa, Akira Kurosawa, Masahiro Makino, Daisuke Ito, e Tomu Uchida.

Os traballos de comezos dos 30 presentan unha imaxe deseñada no estudio de muller que de tan recatada resulta insípida, a través da cal brilla a xentileza evidente xenuína de Tanaka e as súas crecentes habilidades interpretativas, non só no melodrama mais tamén na comedia, no seu marabilloso traballo con Gosho. En filmes como *A muller do veciño e a miña* do mesmo director (1931), *A muller da emboscada* de Ozu (1933), e *Canción do Cesto de Flores* (1937), tamén de Gosho, a viva e sutil sensibilidade do seu xesto e o seu rostro crea remansos de movemento no medio de formais marcos estáticos (Ozu) ou concorridos e enganosamente lánguidos (Gosho).

A finais dos anos 30, Tanaka establecérase firmemente como grande estrela, especialmente en papeis de sufridora, que poderían ter sido desalentadores para o espírito, mais en *Nai e fillo* de Minoru Shibuy (1938) e *Prendedor Ornamental* de Hiroshi Shimizu (1941) ela abstense de impoñerse, optando por exercer o seu papel de estrela a través do borrado dos clímax e dos efectos virtuosos.

Aínda que en *Fénix* de Kinoshita (1947) toma como punto de partida toda unha serie de paróns durante un esaxerado enfrontamento entre o personaxe de Tanaka e o indolente pai do seu mozo, o filme está estruturado na súa maior parte ao redor das olladas fixas de Tanaka cara o fóra de campo: calmas, taciturnas ou melancólicas, en calquera caso delicadas. O seu traballo con Mizoguchi, especialmente en *Utamaro e as súas cinco mulleres* (1946) e *O amor de Sumako* a actriz (1947), estendía o seu rango, e en 1948 acadou dúas indelebles interpretacións consecutivas, contrastando senllos papeis de muller forzada a exercer a prostitución en *Mulleres da noite* de Mizoguchi e *Unha galiña no vento* de Ozu.

En outubro de 1949, Tanaka embarcou nunha xira de tres meses a Hawai, California, e certos enclaves ao leste dos Estados Unidos como embaixadora de boa vontade cultural. Esta viaxe sería un momento decisivo na súa vida. A través dunha extensa metraje (recentemente descuberta), a súa viaxe foi documentada en *O novo despegue de Kinuyo Tanaka*, un fascinante filme de 2009 realizado por Koko Kajiyama, exhibido en bucle (desde o 31 de outubro do mesmo ano) nun monitor de vídeo como parte dunha exhibición no Centro Nacional de Cinema de Tokio (simultáneo a unha completa retrospectiva dos filmes conservados de Tanaka). Vémola pousando flores e rezando na tumba do correspondente de guerra Ernie Pyle en Honolulu, visitando unha asociación de mulleres, compartindo bebida cun grupo de mulleres nunha fábrica de conservas de piña, ou posando con mariñeiros que lle sacan todos unha cabeza de alto. Despois dirixese a Hollywood, onde lle dá un quimono a Bette Davis (que ten a xentileza de anunciar que, xa que na súa visita Tanaka foi anunciada na prensa como «a Bette Davis xaponesa», agora tócalle a ela converterse na «Kinuyo Tanaka estadounidense»), sendo agasallada cunha festa por Joe Pasternak en MGM, mentres posa con John Wayne (quen lle saca preto de unha cabeza e media). Fai representacións escénicas e aparee en funcións estadounidense-xaponesas en Los Angeles, San Francisco, e Fresno (os meus avós, que vivían cerca de alí, foron vela, mais non aparecen no filme). En toda a metraje, Tanaka non actúa nunca como unha estrela: semella en todo momento humilde e parece que realmente está a pasalo ben.

A súa amiga Hideko Takamine pensaba que Tanaka, como moitos xaponeses despois da guerra, ansiaba (e cría nas promesas oficiais) un cambio, e pensaba que Tanaka viu a súa viaxe como unha oportunidade para volver a facerse a si propia. O cambio era, en parte, externo. En *O novo despegue vemos como Tanaka* refai o peiteado, entrégase a unha maquillaxe Max Factor e, na véspera do seu regreso a Xapón, corta o cabelo. A súa nova imaxe foi recibida cun rexeitamento amargo de volta a casa. O filme amosa a súa notoria chegada ao aeroporto de Haneda o 19 de xaneiro de 1950, con gafas de sol, luvas negras, e a grilanda hawaiana de Honolulu; despois, a súa aparición nun coche aberto, botándolle bicos aos seus masificados admiradores (fixo o mesmo ao chegar a Honolulu tres meses antes, mais daquela o xesto foi torpe, sen que a súa man e a súa boca se coordinasen o suficiente; en Tokio foi perfecta) En *Fénix*, de Kinoshita, o seu apaixonado bico con Keiji Sada fíxose moi célebre e, aínda que polémico, aquel sinal dun Xapón cambiante foi recibido cunha aceptación xeral, mesmo con eloxios. Mais a Tanaka con gafas de sol que botaba bicos desde un auto en movemento cruzara unha liña nun Xapón que interiormente estaba a ferver por causa da ocupación. A

UNHA TARXETA DE SAN VALENTÍN CENTENARIA Á LENDA DA PANTALLA XAPONESA KINUYO TANAKA

CHRIS FUJIWARA

prensa atacou a esta nova Tanaka cun torrente de duras críticas que desbordou nas recensións dos seus filmes posteriores, con devastadores efectos no seu ánimo. Cando actuaron xuntas en *As irmás Munekata* (1950), Takamine detectou na súa compañeira (que acababa de facer apenas 40 anos) unha depresión e unha carencia de autoconfianza que irritaron o seu director, Ozu. Durante a rodaxe, Tanaka contoulle a Takamine que a miúdo sentía o impulso de saltar polo acantilado xunto á súa casa de Kamakurayama.

A forza da vontade sacouna da súa depresión e levouna a unha nova fase que fixo evidente o moito que se tiña reinventado a si mesma. *Cosméticos Ginza* (1951) de Naruse, que recapitula algunha das máis gloriosas interpretacións de Tanaka dos anos 40 só para empurrala cara unha nova era de envellecemento, incerteza e compromiso, marcou o seu retorno oficial. Foi seguida de *A señorita Oyu* (1951) de Mizoguchi e a serie de obras mestras do mesmo director rematou con *A muller crucificada* (1954), o máis desalentador e centrado dos seus filmes xuntos, e posiblemente o máis infravalorado.

Entre os recordos que mantivo da súa viaxe norteamericana (sobre a cal, atónita polo tratamento que se lle deu ao seu regreso, rexeitaba falar) estaban fotografías de formato grande asinadas por Joan Fontaine, Greer Garson, Janet Leigh, Cary Grant, Robert Ryan, Robert Mitchum, Irene Dunne, e Maureen O'Hara. Aínda non hai evidencia ningunha de que coñecese tamén a Ida Lupino quen, na temperá data de 1949 fixera o cambio da actuación pola dirección coa excelente *Non Querida*. Tería sido unha reunión lóxica e profética. Tan profética como cando, na súa festa de benvinda en Honolulu, Tanaka foi agasallada cunha cámara de 16mm e algunhas bobinas de Kodachrome. Moitos faláron do seu traballo como directora con moita estima (incluíndo William Johnson nun bo ensaio de xaneiro 1994 en Film Comment). Eu só vin tres dos seus seis filmes, e tal vez non os tres mellores, así que todo o que debería dicir agora é que *Carta de Amor* (1953) está interpretada de xeito conmovedor; *Saíu a Lúa* (1955), cun guión de Ozu e Ryosuke Saito, ten unha graciosa escena na cal o heroe (Mie Kitahara) «dirixe» a Tanaka (nun pequena papel como criada); e o discreto mais pronunciado erotismo de *Amor Baixo o Crucifixo* (1962) está estreitamente vinculado a un certo sentido da opresión claustrofóbica. É un sentimento que ela ben soubo quitar de si e que lle era familiar dunha certa maneira.

Ese foi o derradeiro dos filmes de Tanaka como directora, se ben continuou a actuar. O seu papel posterior máis célebre, outra vez como prostituta (agora retirada), en *Sandakan 8* (1974) de Kei Kumai, é aínda lembrado en Xapón, dun xeito moi similar a como nos seus derradeiros anos Chishu Ryu (como nos di Wim Wenders en Tokyo-ga) era máis coñecido polas súas aparicións na televisión que polas súas actuacións para Ozu. No seu 100 aniversario, levantemos os copos por Kinuyo Tanaka e lembremos todo o que aínda temos que aprender, de e sobre, esta

notable muller.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

MAI
2017

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as)
① cineclubedecompostela.blogaliza.org
facebook.com/cineclubedecompostela
@cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

3 DE MAIO
Arrolo interrompido
(Broken Lullaby,
Ernst Lubitsch, EUA,
1932, 76', VOSG)

10 DE MAIO
Sesión especial para a festa do 17: Falas raras.

17 DE MAIO
Carta de amor
(恋文 [Koibumi],
Kinuyo Tanaka, Xapón,
1953, 98', VOSG)

24 DE MAIO
A cadaquén o seu
(To Each His Own,
Mitchell Leisen, EUA,
1946, 122', VOSG)

31 DE MAIO
As
(Крылья [Krylya],
Larisa Shepitko, URSS,
1966, 85', VOSG)